

A FAMILIA C

Texto de PEP BRUNO

Ilustracións de MARIONA CABASSA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €

III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUM ILUSTRADO

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

A familia C (galego)

ISBN 978-84-8464-740-9. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

La familia C (castelán)

ISBN 978-84-8464-741-6. Álbum ilustrado. Premio Compostela.

La família C (català)

ISBN 978-84-937469-7-1. Àlbum iIllustrat. Premio Compostela.

Z familia (euskara)

ISBN 978-84-7681-648-6. Album irudidunak. Compostela Saria.

A família C (português)

ISBN 978-989-8205-49-0. Álbum ilustrado. Prémio Compostela.

La famiglla C (italiano)

ISBN 978-88-95933-33-7. Albo illustrato. Premio Compostela.

The C Family (english)

ISBN 978-84-8464-744-7. Picture Book. Compostela Prize.

Cada mañá o meu pai fai o almorzo

mentres a miña nai le o xornal


e eu preparo a miña mochila.

Despois do almorzo todos saímos disparados...

Pasen e vexan, damas e cabaleiros, nenas e nenos,
o único, o inigualable e nunca visto espectáculo da familia C
que, servíndose tan só da súa imaxinación, sen rede
nin artificio, sen trampa nin cartón, consegue encher de cor
ata os días máis grises!

... Porque o circo é moito máis ca unha carpa chea de artistas
insólitos e animais habilidosos; é un espazo onde se cruzan
realidade e irrealidade, un lugar neste mundo que pertence
a outro mundo: o da ficción e maila maxia. «A familia C»
(C de circo?) é unha familia que adora o ambiente circense
e canto significa de posible-imposible. E ese amor
pola fantasía, o xogo de irreal-realidade, é o que permite
que a rutina fastía dos seus días se impregne de ilusión.
A familia C vive unha vida normal, pero ese caudal de enxeño
énchea de cor e posibilidades; vive así no soño dos días
fermosos, onde facer o almorzo ou ir traballar pode acabar sendo
unha grande aventura.

As ilustracións, feitas con técnica mixta, destacan polo seu
colorido e forza expresiva. En conxunto, é unha obra que
o xurado do III Premio Internacional Compostela de Álbum
Ilustrado definiu como «imaxinativa, orixinal e moderna».



■ **Temática:** o circo, a visión que un neno ten da súa familia.

■ **Idade recomendada:** dende 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; actividade circense; relacións familiares; imaxinación; ilustracións coloristas e expresivas; dobre lectura, visual e literaria.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/la-familia-c-c>

Pep Bruno

(Barcelona, 1971)

Afincado en Guadalaxara, é licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada, e diplomado en Traballo Social. Escritor e narrador oral, tamén imparte cursos, obradoiros e realiza actividades vencelladas aos libros e á animación lectora. Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalaxara. Ten publicados varios álbums infantís e libros de contos para adultos. Gañou o IV Premio Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular Cabildo de Gran Canaria.

<http://www.pepbruno.com>

Mariona Cabassa

(Barcelona, 1977)

Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación académica en Francia. Participou en diversas exposicións colectivas de gravado e ilustración, e imparte cursos de arte e deseño. Recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e en 2009. Ademais, foi seleccionada en 2005 para participar na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Tamén ten experiencia na publicación de álbums para público infantil.

<http://www.marionacabassa.es/>

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com